



RESOLUCIÓN

ASUNTO: BASES SELECCIÓN PERSOAL PROGRAMA APROL RURAL

EXPEDIENTE:2017/G003/000177

ANTECEDENTES:

Con data do 8 de setembro de 2017, publicouse a ORDE do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 171), e con data do 5 de outubro de 2017 publicouse a Orde do 27 de setembro de 2017 pola que se modifica a Orde do 29 de agosto do 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 190).

Esta entidade solicita axuda económica para contratar 5 traballadores desempregados ó amparo das citadas Ordes.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria resolve o 22 de novembro de 2017 a concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), (Expediente TR351G 2017/000040-1), tal e como segue:

Nº CONTRAT	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	% XORNADA	MESES	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	PEÓN OBRAS PÚBLICAS	10	100	9	11.250 €
1	PEÓN OBRAS PÚBLICAS	10	100	9	11.250 €
					22.500 €

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º Iniciar os trámites para a contratación de dous traballadores como peóns de obras públicas, grupo de cotización 10, en réximen laboral temporal a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural).

2º Aprobar as bases para a contratación de persoal que cubra 2 PRAZAS de peóns de obras públicas, en réxime de persoal laboral temporal, con cargo a axuda outorgada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da ORDE do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 171), e a posterior Orde do 27 de setembro de 2017 pola que se modifica a Orde do 29 de agosto do 2017 pola que se establecen as bases



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000177

que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 190).

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presentes bases a contratación de persoal laboral temporal de dous traballadores como peóns de obras públicas, grupo de cotización 10, en réxime laboral temporal, por un período de 9 meses, para desenvolver o servizo denominado *Mantemento de espazos públicos* a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da ORDE do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 171), e a posterior Orde do 27 de setembro de 2017 pola que se modifica a Orde do 29 de agosto do 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017 (DOG. Núm. 190).

SEGUNDA.- DURACIÓN DOS CONTRATOS E MODALIDADE CONTRACTUAL.

1 O carácter do contrato é temporal, respecto á xornada do servizo mencionado anteriormente e as retribucións, detállase seguidamente:

Ocupación: Peón de obras públicas, grupo de Cotización 10.

Servizo denominado: Mantemento de espazos públicos.

Xornada: Completa (100%)

Duración: 9 meses.

Ámbito: No termo municipal do Concello de Boqueixón.

Funcións: Levarán a cabo actuacións de mantemento de áreas recreativas, beirarrúas, vías e locais municipais, mantemento de pavillóns de O Forte e Pistas polideportivas de Lestedo, Codeso, O Forte, Loureda, Sergude, etc.

2 A modalidade contractual: contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, segundo o establecido no artigo 15.1 da Orde do 29 agosto de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

3 Inicio da Contratación: o prazo máximo para iniciar a contratación será o 15 de decembro de 2017, podendo iniciarse antes desta data.

4 Salario bruto mensual: 1.199,15 euros

A selección dos/as traballadores/as será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego e polo sistema de concurso. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de Peón de obras públicas 96011029.



TERCEIRA.-CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO E REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

1. PARA PODER PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO SERÁ NECESARIO REUNIR OS SEGUINTE REQUISITOS:

- 1 Ser español/a (copia do NIF) ou membro da Unión europea.
- 2 Ter cumpridos os 16 anos ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo, e non exceder a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.
- 3 Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas: non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de acreditar os requisitos no proceso de selección. Xúntase anexo I.
- 4 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.
- 5 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.
- 6 Non se require titulación académica (disposición adicional 7ª do EBEP).
- 7 Estar inscrito/a como desempregado/a no Servizo público de Emprego e reunir os requisitos establecidos no artigo 14º da Orde de convocatoria do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural), que no punto 5 establece literalmente:
“5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se fora o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:
a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
c) Persoas paradas de longa duración.
d) Persoas con discapacidade.
e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.”
h) Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional
- 8 Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000177

políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

9 Estar en posesión do permiso de conducir B1.

Os/as candidatos/as serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de **Peón de obras públicas 96011029**.

Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

2. REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

Para o procedemento selectivo serán de aplicación os artigos 14, 15 da Orde do 29 de agosto de 2017.

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo deberán ser desempregados/as inscritos/as na Oficina Pública de Emprego de Galicia, a través da que se formulará a correspondente oferta. A ocupación demandada na oferta pública que esta entidade solicita corresponde co código do CNO de 96011029. Os candidatos deberán pertencer os colectivos establecidos como preferentes na Orde de convocatoria e que están especificados no punto 7 do apartado dos requisitos para participar no proceso selectivo.

O concello solicitará os/as candidatos/as que se necesitan para cubrir estes postos de traballo mediante a presentación da correspondente oferta, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os candidatos/as para o adecuado desempeño das funcións inherentes ó posto de traballo ofertado. Sóamente serán admitidos e poderán presentarse a este proceso os candidatos que figuren no listado que remita o Servizo Público de Emprego de Galicia de conformidade coa oferta de emprego presentada por este concello, non sendo admitido/a ningún outro/a candidato/a que non figure no citado listado.

Os/as interesados/as en participar neste proceso selectivo, presentarán a documentación facendo constar os requisitos sinalados nestas.

Presentarase a documentación no día que a oficina de emprego e o concello de Boqueixón establezan, e que se comunicará ó candidato preseleccionado por calquera medio que se empregue (teléfono, carta, e-mail, etc) que acorde a citada Oficina de Pública de Emprego de Galicia.

Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente na data e hora que se establece na citación, é dicir non se admitirá documentación fóra do prazo establecido. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

O candidatos/as, achegarán os documentos que a continuación se indican:

Mulleres e maiores de 45 anos	1 Copia compulsada do DNI.
-------------------------------	----------------------------



Mulleres vítimas de violencia de xénero	2 Documentación sentenza judicial e/ou orde de protección
Persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional que non teñan cumpridos os 30 anos na data de celebración do contrato	1 Informe de vida laboral 2 Copia compulsada do DNI. 3 Copia compulsada titulación académica e declaración xurada do nivel formativo acadado
Persoas paradas de longa duración (máis dun ano) Parados de longa duración: aqueles que leven máis de 1 ano en desemprego.	1 Copia compulsada do DNI 2 Certificado/Informe de Vida laboral ou certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia.
Persoas con discapacidade	1 Copia compulsada do DNI 2 Certificación correspondente da discapacidade.
Persoas desempregadas que esgoten as prestación e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	1 Copia compulsada do DNI 2 Certificado/Informe do Servizo Público de Emprego no que se faga constar dita circunstancia
Integrantes de colectivos desfavorecidos	1 Copia compulsada do DNI 2 Informe da traballadora social para acreditar colectivos desfavorecidos
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional	1 Copia compulsada do DNI 2 Informe/certificado de Oficina/Servizo Público de Emprego de Galicia para acreditar IPI's
Existencia de cargas familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento	1 Copia compulsada do DNI 2 Copia compulsada do libro de familia, certificado de convivencia, certificado de pensións, certificado de discapacidade da persoa ó cargo, certificado /informe da oficina de emprego onde conste a situación de desemprego das persoas que conviven, e calquera outra documentación a maiores da anterior que acredite ditas circunstancias.
Acreditar nivel de desemprego	Certificado/informe do servizo público de emprego de ser perceptor de desemprego, subsidio, RAI, Prepara, Activa, ou non perceptor
Acreditar permiso de conducir	Copia cotexada do carné de conducir



CUARTA.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

- A comisión de valoración será nomeada por Alcaldía e estará composta por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, a comisión de valoración será nomeada por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión de valoración se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución da comisión de valoración, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes, precisando en todo caso, a asistencia do presidente e secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente da comisión de valoración.

A comisión de valoración resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización da selección, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas bases. A comisión continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo. As deliberacións da comisión de valoración non serán públicas.

Os membros do órgano de selección nos que concorran algunha das causas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, deberán absterse de intervir notificándoo ao Presidente. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da mesa cando concorran algunha das causas do artigo 28 da citada Lei.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estímase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo a comisión de valoración, valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orde decrecente atendendo á puntuación obtida. Respecto ó méritos computables, estas bases atenden ó establecido no artigo 14º da Orde do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio Rural (APROL rural) e se procede á súa convocatoria



para o exercicio do ano 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, “Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras”.

A tal efecto, a comisión de valoración reunirse na data e hora que se estableza na correspondente resolución de alcaldía e que se exporá no taboleiro de anuncios da Casa do Concello para valorar os méritos.

BAREMO DE MÉRITOS

Pola Comisión de Valoración examínase toda a documentación entregada polos aspirantes. Os méritos deberán posuírse e acreditarse á data en que os aspirantes sexan citados para presentarse o proceso selectivo e deberán manterse ata a realización do contrato.

Establécese os seguintes criterios específicos: colectivos con especiais dificultades de inserción laboral a valorar, cargas familiares e nivel de protección por desemprego, sumando unha puntuación máxima de 12,50 puntos.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

1.- Segundo o establecido no artigo 14, apartado 5) da Orde do 29 de agosto de 2017 (APROL Rural) terán preferencia neste programa a pertenza ós seguintes colectivos:

- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, segundo o establecido no artigo 14, apartado 5) da Orde do 29 de agosto de 2017 (Aprol Rural) da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta preferencia será valorada ata un máximo de 9,50 puntos. Os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral a valorar son:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Neste apartado puntúase por ser muller 1 punto e no caso de ser vítima de violencia de xénero sumaríase un punto máis, acadando neste apartado un máximo de 2 puntos.
- b) Persoas demandantes menores de 30 anos (1 punto).
Neste apartado incrementarase:
Demandante que tendo menos de 30 anos non tivese emprego anterior (é dicir ningún contrato laboral que figure no informe de vida laboral): 0,50 puntos
Demandante que non teña acadado os estudos de graduado en ESO: 0,50 puntos
Podendo acadar neste apartado un máximo de 2 puntos.
- c) Persoas paradas de longa duración (1 punto) (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego).
- d) Persoas con discapacidade (1 punto)
- e) Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (1 punto)
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (1 punto)



- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da Renda de Integración Social de Galicia (1 punto)
- h) Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional (2 puntos)

2.- Térase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo das persoas traballadoras desempregadas o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,50 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos, previa acreditación documental.

O menor nivel de desemprego (máximo 1 punto): presentárase un certificado da oficina de emprego correspondente da acreditación de se o/a candidato/a é:

Perceptores de desemprego: 0,25 puntos

Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA: 0,50 puntos

Non perceptores: 1 punto

RESUMO DA PUNTUACIÓNS DA VALORACIÓN DE MÉRITOS

1 COLECTIVOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL A VALORAR		Máximo 9,50 puntos
Mulleres	Mulleres 1 punto Vítima de violencia de xénero 1 punto	Máximo 2 puntos
Persoas demandantes menores de 30 anos	Menores de 30 1 punto. No suposto que sexan demandantes de primeiro emprego incrementarase en 0,50 puntos. No suposto daqueles demandantes que non teñan acadado os estudos de ESO incrementarase en 0,50 puntos.	Máximo 2 puntos
Persoas paradas de longa duración. (Non se puntúa neste apartado os menores de 30 que sexan demandantes do primeiro emprego).		1 punto
Persoas con discapacidade		1 punto
Persoas desempregadas que esgoten as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito		1 punto
Persoas desempregadas maiores de 45 anos		1 punto
Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas desfavorecidas da renda de integración		1 punto



social de Galicia		
Aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional		2 puntos
2.- MENOR NIVEL DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO E CARGAS FAMILIARES		Máximo 3 puntos
Existencia de responsabilidades familiares	0,50 puntos por persoa a cargo	Máximo 2 puntos
O menor nivel de desemprego	-Perceptores de desemprego: 0,25 puntos -Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA: 0,50 puntos -Non perceptores: 1 punto	Máximo 1 punto
PUNTUACIÓN TOTAL MÁXIMA QUE SE PODE ACADAR NOS APARTADOS 1 E 2		Máximo 12,50 puntos

A acreditación documental das distintas situacións nas que se atopa o traballadores desempregados/as convocados/as estás expostas na BASE TERCEIRA.

EMPATES:

En caso de empate, dirimirase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- 1º) En caso de empate entre varios candidatos/as atenderíase primeiro á maior puntuación acadada no apartado do colectivo.
- 2º) Se persiste o empate priorizarase aqueles desempregados/as que teñen prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.
- 3º) De persistir o empate atenderase á condición de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 4º) De persistir o empate atenderase á data de nacemento dos candidatos/as maiores de 45 anos, entendéndose que teñen prioridade o de maior idade sempre e cando non exceda a idade establecida como máxima de xubilación forzosa.
- 5º) Se persiste o empate atenderase a maior puntuación acadada no apartado de cargas familiares.
- 6º) Se persiste o empate maior puntuación acadada no apartado nivel de desemprego.

De seguir manténdose acudiríase en última instancia ó sorteo entre as partes implicadas.

SEXTA.- RESOLUCIÓN E FORMULACIÓN DE CONTRATOS



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000177

O/A secretario/a da comisión de valoración emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ó longo do proceso selectivo, sendo a calificación final do proceso selectivo a suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos.

Unha vez rematada a valoración da documentación dos aspirantes, a Comisión de valoración fará pública a relación de aspirantes ós postos de traballo, coa puntuación acadada, por orde de puntuación, no taboleiro de edictos do concello.

Finalizado o proceso de selección elevarase ó órgano competente proposta dos candidatos para a formulación dos correspondentes contratos laborais.

A comisión de valoración non poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ó dos postos que se convocan.

O/A Presidente da Comisión de valoración, á vista do listado final de aspirantes seleccionado, formulará proposta de selección ante a Alcaldía seleccionando ós 2 candidatos/as que quedaran nas posicións máis altas do listado, quedando os demais en lista de reserva por si se produce algunha renuncia, baixa ou calquera outra continxencia, sendo requerido o traballador que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

Rematado o proceso selectivo o alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada por un período de 9 meses e a xornada completa.

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recurribles nos termos previstos na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección fiscalizables ante a xurisdicción contencioso – administrativo, o réximen xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo ós xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

SÉTIMA.- INCIDENCIAS

A Comisión de valoración está facultada para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto expresamente nestas bases.

Asimismo, a xurisdicción competente para resolver as convocatorias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdicción social.

OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polos que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público,



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000177

Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

En Boqueixón, luns 29 de novembro de 2017

O Alcalde/Presidente

Manuel Fernández Munín